



**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE INSTITUCIÓNS PARA A SÍNDROME DE DOWN (DOWN GALICIA) PARA FAVORECER A ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO CON SÍNDROME DE DOWN OU CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL**

En Santiago de Compostela, a 27 de outubro de dous mil dezaseis

**REUNIDOS**

Dunha parte, don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, polo que se nomea conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Román Rodríguez González, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Da outra, don **D. DELMIRO PRIETO GONZÁLEZ**, presidente da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia), actuando na súa representación en virtude das atribucións que lle confire o artigo 29 dos Estatutos da federación.

**EXPOÑEN**

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013,



do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

2. Que a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) é unha entidade sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Entre as súas finalidades está a promoción da participación das familias e/ou dos seus representantes no sistema educativo en canto colaboración, apoio e impulso de todas aquelas medidas destinadas á mellora da calidade de vida das persoas coa Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual, e da súa familia. A Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) para a consecución dos seus obxetivos, así como no marco da presente colaboración, contará co apoio e traballo coordinado coas súas entidades membros;

| RAZÓN SOCIAL ENTIDADE MEMBRO                     | C.I.F.<br>ENTIDADE |
|--------------------------------------------------|--------------------|
| DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN   | G-36.697.324       |
| DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS" ASOC SÍNDROME DE DOWN   | G-36.164.887       |
| ASOC. SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL         | G-15.458.060       |
| FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA                        | G-70.040.258       |
| DOWN CORUÑA: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN | G-15.731.466       |
| ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO-DOWN LUGO    | G-27.202.043       |
| DOWN OURENSE                                     | G-32.311.870       |

3. Que a través deste convenio a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (DOWN GALICIA) dan continuación á colaboración para favorecer a atención educativa ao alumnado coa Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual plasmada no Acordo de 8 de novembro de 2010 suscrito por ambas as entidades, e que resulta precedente do presente Convenio.

4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas

administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

### CLÁUSULAS

#### **Primeira. Obxecto do convenio**



O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e as súas entidades membros, nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

#### **Segunda. Persoas beneficiarias**

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual que recibe apoio da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e das súas entidades membros de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como o profesorado, o persoal dos servizos complementarios, os/as orientadores/as, os membros dos equipos de orientación específicos que atenden os procesos formativos, e as familias ou os representantes legais dese alumnado.

#### **Terceira. Desenvolvemento da colaboración**

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoverá na formación permanente do profesorado, do persoal dos servizos complementarios, dos/as orientadores/as, e dos membros dos equipos de orientación específicos que atenden os procesos formativos, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e das súas entidades membros, nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende a alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.



2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e as súas entidades membros, colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

3. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará a colaboración do persoal profesional da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia ) e das súas entidades membros, nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que contén con alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

A solicitude de colaboración do persoal profesional da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e das súas entidades membros, debe realizarse por parte do centro docente e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como aos centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado, ao persoal dos servizos complementarios, aos orientadores/as, aos membros dos equipos de orientación específicos que atenden os procesos formativos e ás súas familias ou os/as seus representantes legais. A colaboración da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e das súas entidades membros, na atención ao alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual, no marco que se estableza entre o centro docente e o persoal profesional da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e das súas entidades membros, poderá contemplar tanto actuacións de carácter preventivo como actuacións concretas co alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual, co seu profesorado e demais persoal do centro e coas súas familias ou representantes legais.

b) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas á intervención educativa co alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual, sobre a súa avaliación e sobre as adaptacións curriculares que se estimen necesarias.

c) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento do alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.

d) Asesoramento sobre recursos tecnolóxicos e estratexias didácticas e organizativas favorecedoras da inclusión.

**Cuarta.** Colaboración do persoal da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e das súas entidades membros nos centros docentes

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e das súas entidades membros, e as familias do alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual establecerán os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización e funcionamento e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e das súas entidades membros, en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e das súas entidades membros nos centros docentes entenderase dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender o alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual; ter cumprida a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; ter regularizada a súa situación laboral coa Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) ou coas súas entidades membros, e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

#### **Quinta. Relacións laborais**

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Federación e das súas entidades membros, e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

#### **Sexta. Comisión de seguimento**

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar un informe anual sobre o funcionamento do convenio.

#### **Sétima. Avaliación dos procesos de colaboración**

1. A avaliación dos procesos de colaboración establecidos entre cada un dos centros docentes e o persoal da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) deseñarase por parte da comisión mixta e nela recollerase información facilitada polo propio centro docente e polo persoal da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) e das súas entidades membros.

2. Na reunión ordinaria da comisión mixta posterior ao remate de cada curso escolar analizarase a información recollida no curso anterior e elaborase un informe ao respecto.

#### **Oitava. Interpretación do convenio**

As dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

#### **Novena. Protección de datos e confidencialidade**

1. Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa en vigor.

2. No caso de que durante o desenvolvemento deste convenio se puxese de manifesto a necesidade de proceder entre os asinantes a unha cesión ou comunicación de datos de carácter persoal incluídos nos seus respectivos ficheiros, farase de acordo co previsto no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 do decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como na propia Lei 15/1999.

**Décima. Transparencia**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

**Undécima. Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2016/17, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

**POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA,**

**O CONSELLEIRO,**

**Román Rodríguez González**

**POLA FEDERACIÓN GALEGA DE  
INSTITUCIÓNS PARA A SÍNDROME DE  
DOWN (DOWN GALICIA),**

**O PRESIDENTE,**



**Delmiro Prieto González**